



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Expte. N° 11/18-P

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 27 de setembro de 2018

Hora: 20:00

Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (10/2018-P).-
 - 2º.- Cesión gratuíta do ben inmovible da extinta Cámara Agraria de Riovao.-
 - 3º.- Modificación de crédito 28/18. Crédito extraordinario 03/18: Demolición edificio O Náutico.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 4º.- Informes e comunicacións.-
 - 5º.- Mocións.-
 - 6º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario acctal. que asina á marxe na data da sinatura dixital.-



NÚMERO 10/18

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2018.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e dous minutos do día trinta de agosto de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D^a María José García Freire, D. Ramón Rodríguez Ares, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D. Miguel Tenreiro Bouza, D^a María Pardo Fafián, D^a María del Carmen Pose Varela, D^a Isabel Reimúndez Suárez, D^a María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra e D. José Luís Tellado Villares, asistidos polo Secretario acctal. da Corporación, D. Juan Carlos Antelo Martínez. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, a concelleira D^a Raquel Bolaño Fariñas.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (9/2018-P).-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión núm. 9/2018, de 26 de xullo de 2018.-

Control de Órganos de Goberno:

2º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 20-7-2018 a 24-8-2018.-

A sra. Pardo informa sobre as festas, que considera que foron un éxito rotundo, e expón unha valoración xeral de xestión, sendo criticada esta intervención polo sr. Anido.-

3º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse a seguinte moción de urxencia.-

Moción para dotar de contido de interese municipal os puntos da Orde do Día dos Plenos ordinarios.-

O sr. Anido, voceiro do grupo PP, defende a urxencia dunha moción deste grupo para dotar de contido de interese municipal os puntos da Orde do Día dos Plenos ordinarios, afeando que non se trouxeran asuntos a esta sesión.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por sete votos a favor e nove en contra.-

4º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Presidente da contestación a unha pregunta que quedara pendente da sesión anterior, sobre a efectiva transmisión o 26 de marzo do dereito de superficie do hotel de Sada.-

O sr. Gómez formula un rogo e unha pregunta:

1) Roga que se lle dea acceso e copia de diversa documentación relativa ás invitacións a empresas por parte do anterior Alcalde, o sr. Anido; o sr. Presidente o dirixe a Contratación.-

2) Pregunta polos rogos que fixera na sesión anterior (similares ao rogo de hoxe); o sr. Presidente comunícalle que lle será facilitada toda a documentación.-

A sra. Salorio pregunta se consideran que o carril bici na zona da Casa da Cultura está en condicións idóneas para incorporalo ao Inventario, sen bolardos e sen igualar o pintado para evitar accidentes.-

A sra. Pose pregunta sobre o estado dos parques infantís.-

A sra. García roga, como di que xa fixera noutras ocasións, que se lle preste atención ao pintado das paredes do cemiterio municipal.-

O sr. Tellado efectúa dúas preguntas:

1) Pregunta polas autorizacións de Patrimonio para a instalación de carpas detrás do edificio La Terraza. O sr. Becerra di que Patrimonio deu o seu permiso; a sra. Pardo puntualiza que o que se autoriza son as pequenas carpas e en estancias curtas, e o que non se autoriza son as de grandes dimensións, que lle fagan pantalla á Terraza, nin longos períodos de tempo.-

2) Pregunta se se obtiveron as autorizacións, os seguros de responsabilidade civil ou os carnés de manipulación de alimentos para as festas. A sra. Pardo di que hai unha empresa que se contrata para estas xestións e que se contaba con todo.-

O sr. López fai dúas preguntas e un rogo:

1) Pregunta pola execución dunhas obras na zona de Cantalarrana en plenas festas e sendo festivo local, se o sr. Alcalde coñecía o informe policial sobre as denuncias dalgúns veciños e que medidas se adoptaron. O sr. Presidente aclara que se comunicou á empresa contratista que efectuase os cambios axeitados.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

2) Roga que se inste á administración competente ou se execute subsidiariamente o pintado con pintura fluorescente das medianas na confluencia entre a avenida da República Arxentina e a estrada de Armuño para previr accidentes.-

3) Pregúntalle á sra. Pardo se hai que entender que presentou coa súa intervención nesta sesión o informe económico das festas; a sra. Pardo contesta que presentou un informe de xestión, non un informe económico, para o que aínda non hai todos os datos.-

A sra. Pose pregúntalle ao sr. Becerra por que consideraba importante a instalación dun arrandeadoiro adaptado dende a oposición e non que estea reparado agora que está no goberno municipal. O sr. Becerra di que o considera importante, que hai que ampliar a existencia deste tipo de instalacións e cumprir coa normativa; o sr. Anido critica a súa resposta.-

O sr. Anido expón un rogo e unha pregunta:

1) Roga que se atendan os rogos do sr. Gómez con respecto do acceso aos expedientes en relación ao seu mandato como Alcalde.-

2) Pregúntalle ao Alcalde sobre unha serie de aspectos relacionados co edificio do hotel situado na avenida da Mariña, co seu concesionario e a súa actividade; o sr. Presidente indícalle que ten acceso ao expediente do dito hotel en Urbanismo.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte horas e corenta e un minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario acctal., dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario acctal. que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-